

OS MAIOS 2022

BASES

Primeira.-

A Delegación de Cultura do Concello de Monforte convoca o **Concurso OS MAIOS**, que se realizará o **xoves 5 maio de 2022**.

Segunda.-

Poderán participar no Concurso tódolos monfortinos que o desexen.

Terceira.-

O tema tratará sobre calquera tipo de Maio.

Cuarta.-

Os Maios sairán a percorrer as rúas da cidade libremente e xuntaranse na Praza de España ás 17:30 horas, onde se interpretarán as coplas.

Quinta.-

Criterios de valoración do xurado:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade e os materiais utilizados.

Sexta.-

Os premios serán por participación e terán todos unha contía de 75€.

Sétima.-

O xurado do concurso estará composto por:

A Delegada de Cultura ou persoa á que designe. Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

Oitava.-

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesario a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular.

Non poderá realizarse o pagamento do premio mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-

As solicitudes para a inscrición, así como as coplas deberán presentarse para a participación no concurso no Rexistro Xeral do Concello de Monforte. O último día de presentación destas será o 4 de maio antes das 14:00 h



Praza de España
xoves 5 de maio ás 17:30 h



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS